

PAPEL DO LITORAL COMO PARTE DO TERRITÓRIO NUNHA PERSPECTIVA ECONÓMICA. O CASO GALEGO

Maria do Carme Garcia Negro

Dpto. Economía Aplicada

Equipo de Investigación en Economía Pesqueira e Recursos Naturais

Universidad de Santiago de Compostela

A historia mais recente das relacións sociais que precisan do territorio, digamos desde o comezo do actual sistema económico sinalan o litoral como elemento fundamental do mesmo. Se tomarmos o borde litoral do continente europeo, americano e asiático comprobamos que no capitalismo continuou-se a mesma tendencia que na antigüedad; as relacións económicas, políticas, culturais e militares tiveron o mar como escenario, o litoral como territorio e os portos como cidades de encontro.

Podería-se pensar que na economía actual, na denominada fase da información, perden importancia de forma definitiva a idoneidade do asentamento físico das unidades de produción. Podería-se argüir que non é indiferente dada a facilidade que as telecomunicacións proporcionan, o lugar ou territorio de procedencia e chegada dos bens, persoas e informacións. Non obstante, aceptar este suposto nos seus termos absolutos implicaría aceptar a existencia da inmaterialidade. Seguimos sendo seres materiais, consumimos bens materiais, transportamos bens, etc, etc...Ainda que todo o transporte de persoas e mercancías se realiza-se via aérea debemos contar cos miles de millóns de persoas que no mundo vivemos sobre o litoral e esta soa variábel modificaría o plantexamento da irrelevancia do litoral.

O litoral é, portanto, na nosa consideración, territorio. Unha componente do territorio aínda que pareza etimoloxicamente unha *contraditio* xa que costa parece que é o que non é terrestre. Formando parte do territorio é susceptíbel de ser estudado e tratado como un espazo. Espazo que é determinante,

Jornada sobre Desarrollo de los Espacios Litorales en Galicia

Instituto Universitario de Estudios Marítimos

Universidade da Coruña

4 de marzo de 2004

condicionante pero tamén resultante das relacións económicas, culturais, políticas, militares ou relixiosas que nel se den.

O noso interés e a nosa perspectiva é a económica pero non deixan de ter importancia as restantes relacións sociais xa que poden ser complementarias ou incompatíbeis coas económicas. É ben evidente na Galiza a existencia de zonas de litoral inacésíbeis polos usos militares; Marín e Ferrol contan con un espazo litoral menor en uso do que lle corresponde por tamaño do seu territorio.

A consideración sistémica do territorio como facendo parte dunha realidade viva que funciona como un todo leva-nos directamente a considerar o litoral como parte dese ente vivo que resulta da interacción home-restantes seres que viven no litoral (desde a microflora á macrofauna) desenvolvendo-se ao longo do tempo.

É así como explicamos o papel do litoral no sentido mais arriba indicado de predeterminante pero tamén de resultante da acción humana sobre o meio.

Nesta consideración, o litoral (asumido en parte do territorio) como elemento do espazo vivo que ocupamos os seres humanos é unha parte componente do ecosistema e, como tal, suxeito ás accións-interaccións humanas.

Tal e como sinalou Margalef a especie humana é tan numerosa e posúe tal capacidade de control que, se se prescindir dela, non é posíbel entender o funcionamento presente da maior parte dos ecosistemas.

A acción humana, portanto, ao longo dos séculos de instalación, uso e abuso do territorio da faixa mariña modificou, creando nova vida, o pequeno ecosistema que compón o litoral habitado e, como tal habitat, é posíbel estudalo no seu rol económico actual. Non esquecendo a historia de usos anteriores polo papel xeneratriz dos actuais componentes e funcións. Mesmo a primeira mirada sensíbel sobre a paisaxe deberá ser axustada cunha nova concepción de "natureza" como creación dialéctica da historia humana sobre un territorio que vai acomodando acción proposital humana e resposta do meio a prazo curto e a longo prazo.